SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 11 DE XUÑO DE 2.011

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as doce horas e dez minutos do día 11 de xuño de dous mil once, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Pardo Lombao, José Yebra Amorín, D. Antonio López Pérez, Dª Pilar Méndez Lombao, D. Serafín Vázquez Arias, D. Jesús Fernández García, Dona María Begoña Seco Varela, Dona María José Martínez Vigo, D. Miguel Ángel López Varela, D. José Manuel Carral Méndez e D. Arcadio Lombao Román, asistidos polo Secretario Titular, D. José María Vázquez Pita, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Concurrendo, consecuentemente, ao presente acto de constitución a totalidade dos candidatos proclamados electos pola Xunta Electoral de Zoa de Lugo na sesión de data de 25 de maio de 2011, constitúese a mesa de idade á que fai referencia o artigo 195.2 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, e formada por don Miguel Ángel López Varela, como concelleiro de menor idade de entre os presentes e don Antonio López Pérez como concelleiro de maior idade de entre os presentes.

A mesa de idade comproba as credenciais presentadas pola totalidade dos candidatos proclamados electos, e verifica a previa presentación das declaracións de bens e de actividades e intereses, así como a posta a disposición do acta de arqueo e inventario municipal de bens e dereitos.

Acto seguido, tómase xuramento ou promesa aos candidatos proclamados electos, de conformidade co seguiente orde e resultado:

JOSÉ PARDO LOMBAO ¿Xuras ou prometes cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo.

JOSE YEBRA AMORÍN ¿Xuras ou prometes curmprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo.

SERAFÍN VÁZQUEZ ARIAS ¿Xuras ou prometes curmprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo.

PILAR MENDEZ LOMBAO ¿Xuras ou prometes curmprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo.

MARÍA BEGOÑA SECO VARELA ¿Xuras ou prometes curmprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo.

JESÚS FERNÁNDEZ GARCÍA¿Xuras ou prometes curmprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo.

ANTONIO LÓPEZ PÉREZ ¿Xuras ou prometes curmprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo.

MARÍA JOSÉ MARTÍNEZ VIGO¿Xuras ou prometes curmprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo.

MIGUEL ANGEL LÓPEZ VARELA, ¿Xuras ou prometes curmprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo.

JOSÉ MANUEL CARRAL MÉNDEZ ¿Xuras ou prometes curmprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo.

ARCADIO LOMBAO ROMÁN ¿Xuras ou prometes curmprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

Si, prometo.

Unha vez que xuraron tódolos concelleiros e, consecuentemente, tomaron posesión dos seus cargos, proclámase en viva voz:

"*Declárase constituída a Corporación Municipal*."

A continuación, procédese á elección do Alcalde da Corporación, de conformidade co procedemento previsto no artigo 196 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral. A tal efecto, dase lectura en viva voz a dito artigo, cuxo teor literal é o seguinte:

> *"En la misma sesión de constitución de la Corporación se procede a la elección de Alcalde, de acuerdo con el siguiente procedimiento:*
>
> *a. Pueden ser candidatos todos los concejales que encabecen sus correspondientes listas.*
> *b. Si alguno de ellos obtiene la mayoría absoluta de los votos de los concejales es proclamado electo.*
> *c. Si ninguno de ellos obtiene dicha mayoría es proclamado Alcalde el concejal que encabece la lista que haya obtenido mayor número de votos populares en el correspondiente municipio. En caso de empate se resolverá por sorteo."*

Rematada a lectura do artigo, o concelleiro de meirante idade de entre os presentes, diríxese aos concelleiros cabezas de lista coa finalidade de interpelar acerca da presentación de candidaturas:

D. JOSÉ PARDO LOMBAO: ¿Desexa presentar a súa candidatura á elección de Alcalde?

Si, presento a miña candidatura.

D. MIGUEL ANGEL LOPEZ Y VARELA: ¿Desexa presentar a súa candidatura á elección de Alcalde?

Si, presento a miña candidatura.

D. ARCADIO LOMBAO ROMÁN: ¿Desexa presentar a súa candidatura á elección de Alcalde?

Si, presento a miña candidatura.

A continuación, procédese a realizar a votación, previo chamamento nominal dos concelleiros, e mediante o depósito nunha urna, da papeleta cuberta con nome do candidato proposto.

Rematada a votación, ábrese a urna e faise reconto dos votos emitidos, co seguinte resultado:

D. José Pardo Lombao: 8 votos

D. Miguel Angel López y Varela: 2 votos

D. Arcadio Lombao Román: 1 voto

Polo tanto, de conformidade co disposto no artigo 196.B da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, a mesa de idade proclama Alcalde do Concello de Outeiro de Rei a don José Pardo Lombao.

O concelleiro de maior idade da mesa pregunta:

D. José Pardo Lombao, ¿Xuras curmprir fielmente as obrigas do cargo de Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, con lealdade ao rei, e gardar e facer gardar a constitución como norma fundamental do Estado?

D. José Pardo Lombao resposta: si, prometo.

Tras tomar posesión do seu cargo, o Alcalde proclamado electo fai uso da palabra e pronuncia o discurso de investidura nos seguintes e resumidos termos:

O sr. Alcalde agradece a tódolos veciños de Outeiro de Rei o respaldo ao traballo feito estos últimos catro anos e ao programa para os vindeiros catro seguintes.

Asegura que a responsabilidade da Alcaldía é maior, se cabe, co apoio masivo recibido polos veciños de Outeiro de Rei, que renovaron a súa confianza outorgando o maior número de votos obtido pola súa candidatura neste Concello, abrindo unha nova e ilusionante etapa.

Agradece igualmente o apoio e traballo a tódolos integrantes da candidatura, e moi especialmente aos colaboradores coa mesma, quenes fixeron un inxente traballo do que é froito e mérito este resultado que agora estamos a celebrar.

Ofrece ás diferentes institucións e Administracións colaboración e lealdade, ao tempo que lles esixe esforzo na asignación de recursos, sobre todo a un concello coma este que non para de medrar e desarrollarse.

Aos concelleiros do equipo de Goberno pídelles traballo, esforzo e imaxinación, xa que todo iso é necesario para intentar superar unha situación tan difícil coma a que se está a vivir, que nos non creamos pero que imos a superar con traballo e moitas ganas.

E recorda que nas eleccións enviou unha carta a tódolos veciños anunciando que ían a facer unha política continuista e ao tempo, reformista.

Continuista porque teñen que seguir a liña marcada nestos anos e que refrendou masivamente a poboación.

E reformista porque temos que adaptarnos aos novos tempos, as novas necesidades da xente.

Sinala que este equipo de Goberno non adoita a facer programas con grandes promesas xa que, a diferencia de aqueles que pensan os programas están para incumprilos, nos creemos que os programas electorais hai que cumprilos ineludiblemente, xa que non se pode enganar a xente baixo ningún concepto.

Por iso o programa da súa candidatura recollía aspectos tales coma a potenciación do área industrial, coa finalidade de consolidar empresas que diversifiquen a actividade económica do concello e que traian postos de traballo.

Asimismo, seguiremos a apoiar sectores coma a hostelería ou a artesanía, que se ben son sectores minoritarios poden aportar dinamismo e poñer en valor os elementos do termo municipal. En tal sentido seguirase a promover a feira de artesanía e nesta dirección creáronse e conservaránse as diferentes áreas naturais.

Outro aspecto a destacar é o proceso de concentración parcelaria que abranguerá parte do termo municipal. Dende este concello se porá todo o empeño para que a Xunta cumpra os compromisos que adquiriu con nós para levala adiante.

Seguirase a mellorar as infraestructuras agrarias co empeño mostrado ata agora, se ben farase un especial esforzo en mellorar os servizos de telecomunicacións, en especial Internet. Xa se lograron no seu día servizos tales coma a auga ou a electricidade, e agora imos desplegar todos os nosos esforzos en que os servizos de Internet cheguen a todos os fogares.

Tamén se defenderá o sector forestal, que ten unha indudable importancia nalgúnhas zoas do concello, a través dos programas de prevención e extinción de incendios e de conservación e mellora das vías forestais.

Por último, debemos seguir a facilitar o acceso a vivenda, impulsando plans que permitan novos asentamentos, e facilitando o desarrollo urbanístico tanto do solo urbano coma dos núcleos ruráis.

En materia de política social sinala a necesidade de axudar especialmente aos nenos e aos anciáns, e para iso seguirán a potenciar o servizo de axuda social, hoxe moi extendido, e que permite manter a xente maior residindo na súa casa por máis tempo. Asemade, no eido de conciliación da vida familiar e social, destaca a posta en marcha da escola infantil municipal fai un ano e que xa está a tope, polo que se está a pensar en ampliala.

Tamén se seguirán a prestar outros servizos de conciliación para maiores de 3 anos, coma a ludoteca ou Outeiro lúdico, para posibilitar a concilación as parellas que poidan e queran traballar ofrecendo estos servizos a un prezo razoable.

Pero nun concello non é dabondo ter onde vivir e traballar, senón que é neceario encher os momentos de ocio e esparcemento, e por iso seguirán a fomentar a cultura e o deporte, para facer agradable a vida en Outeiro de Rei.

A continuación lee un fragmento da carta remitida ao veciños na campaña electoral e que atinxe aos mozos e mozas do concello, ratificando o seu compromiso firme con eles.

Remata o discurso reafirmando o seu firme compromiso en cumprir o programa electoral, afirmando que lle vincula coma se fose un contrato asinado ante notario.

Agradece finalmente o apoio prestado polos veciños e o traballo e disposición de colaboradores, concelleiros e as aportacións dos membros da oposición dende o seu papel institucional.

Rematada a intervención, levántase a sesión, sendo as doce horas e trinta minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta.

Asdo.: O Secretario Asdo.: O Alcalde